



Celébrase a Xunta Xeral de Mutuasport, a Asemblea Xeral e a Gran Gala da Caza da Real Federación Española de Caza, con varios recoñecementos a galegos

Os pasados 8 e 9 de xuño, Mutuasport e a Real Federación Española de Caza celebraban en Madrid as súas Xunta Xeral e Asemblea Xeral, na que están representados cazadores e sociedades de caza entre os que estaban os representantes galegos encabezados polo Presidente da Federación Galega de Caza.

As xuntas e a as asembleas, tralos correspondentes debates aprobaron por unanimidade a memoria do ano 2006 e os presupostos para o ano 2007. Cabe destacar que o Presidente da R.F.E.C., Andrés Gutiérrez Lara, resumiu as actuacións levadas a cabo pola Federación no exercicio 2006, entre as que destacan as alegacións á lei de patrimonio natural e á lei de parques naturais; a maior presenza federativa internacional tanto a nivel de xestión como a nivel deportivo; o impulso que tivo a Escuela Española da Caza coa toma de posesión do seu novo director, Patxi Andión; a asignación de novas responsabilidades á Fundación FEDENCA; a loita contra o furtivismo e o emprego de veneno nos campos e a posta en marcha do desenrolo da munición ecolóxica e a continuación o seguemento da última fase da vacina recombinante do coello.



Como último acto do fin de semana tivo lugar a tradicional Gran Gala da Caza, que se celebrou no Palacio de Exposicións e Congresos de Madrid cunha asistencia masiva. Nela, foron varios os galegos premiados pola súa actividade relacionada co mundo cinxético:

- José Sanmartín Pérez, como membro do Equipo Campión do Mundo de caza San Huberto
- Cuadrilla 'Santiago Apóstol', como equipo Campión da Copa de España de Raposo 2006
- Sociedade de Caza 'Portas' de Portas (Pontevedra), pola súa colaboración na recuperación do coello
- Programa televisivo 'Couto Vivo', da Televisión de Galicia, pola súa labor divulgativa sobre a caza



Ademáis, José Manuel Vaamonde González, ex-Presidente da Federación Galega de Caza, recibiu a Insignia de Ouro da RFEC; e Elisa Labrador Valcárcel, da Federación Galega de Caza en Ourense, recibiu unha distinción de MutuaSport.

Entre o resto de galardóns concedidos na gala, destaca o recibido por Angel S. Gracia, que recibía a que sería a primeira medalla ó mérito deportivo entregada pola entidade, en recoñecemento á súa intachable traxectoria profesional ó fronte da Secretaría Xeral da RFEC durante máis de 20 anos. Cabe destacar a presenza no acto do Presidente do Comité Olímpico Español, o galego Alejandro Blanco, así como o subdirector do Consello Superior de Deportes.